



Resolución de 13 de febreiro de 2019 pola que se designa data, hora e lugar para a realización do sorteo para a determinación da orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos que se celebren derivados da oferta de emprego público do ano 2018

De conformidade co establecido na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, cómpre realizar, previa á convocatoria dos procesos de selección e con validez para todos eles, o sorteo público no que se determinará a orde de actuación dos aspirantes nos procesos de selección que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2018, debendo recollerse o resultado de dito sorteo en cada convocatoria.

En consecuencia, esta Presidencia resolve realizar o mencionado sorteo en acto público, o día 15 de febreiro 2019 ás 10 horas na sala de ponencias C do Parlamento de Galicia. Esta resolución publicarase na páxina web e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela a 13 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia